

RELATO CURTO **2005**

V Certame Literario **José Saramago**

BASES

O premio será de **300 euros** e as bases do CERTAME recóllense a seguir:

1. Ter máis de 14 anos e residir na Comunidade Autónoma Galega.

2. O tema será libre. Só se pide que os relatos sexan orixinais e inéditos.

3. Poderanse presentar indistintamente en lingua galega ou castelá.

4. A extensión non poderá ser menor de 5 páxinas nin maior de 25. Só se poderá presentar un traballo por persoa.

5. Os traballos presentaranse mecanografados a dous espazos e por unha soa cara, en Din A4 debidamente grampados, cosidos ou encaderados.

6. Os relatos irán nun sobre pechado no que figurará de forma destacada: V CERTAME DE RELATO CURTO JOSÉ SARAMAGO e o título da obra; dentro deste irá outro sobre pechado co título da obra escrito por fóra e no que se introducirán os datos do/a autor/a (nome, apelidos, enderezo e teléfono, así como unha fotocopia do DNI). Nin nos traballos nin no sobre figurará ningún elemento que permita identificar ao/á autor/a.

7. O prazo de presentación dos traballos conclúe o 30 de novembro de 2005 e débense entregar no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, nº4).

8. O xurado estará composto pola concellería Delegada de Centros Socioculturais, tres técnicos e un escritor. A decisión do xurado con respecto ao/á gañador e inapelábel.

9. A decisión do xurado darase a coñecer antes de Marzo de 2006. Farase entrega dunha acreditación do premio acadado no acto da entrega de premios.

10. Non se devolverán os orixinais nin as copias, aínda que se poderán recoller na Biblioteca do CSC de Vite ata un mes despois da entrega de premios.

11. O departamento de Centros Socioculturais poderá publicar os relatos, sen que isto implique privación ningunha dos dereitos de autor para a súa publicación posterior.

12. O premio poderá ser considerado deserto polo xurado en caso de non acadar o nivel de participación ou de calidade esperado. Nese caso darase un premio simbólico ao mellor traballo.

13. Máis información no Centro Sociocultural de Vite.

Teléfono: **981 543 178** e no correo electrónico **bibliotecacsc@aytocompostela.es**

14. A participación no concurso supón a aceptación das súas bases.